



OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xullo 2019

CONCELLO DE A CORUÑA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de A Coruña

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS	Nº	50.276	255.550
	Var. 19/18	7,4%	4,5%
PERNOCTACIÓNS	Nº	119.167	535.035
	Var. 19/18	4,7%	6,8%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,37	2,09
	Var. 19/18	-2,5%	2,1%
OCUPACIÓN (%)	%	71,58%	49,16%
	Var. 19/18	1,30	1,64
ADR (€)	%	72,3 €	60,3 €
	Var. 19/18	6,8%	3,1%
RevPAR (€)	%	60,4 €	37,7 €
	Var. 19/18	16,6%	9,1%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	38.614	200.784
	Var. 19/18	4,4%	2,1%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	11.662	54.766
	Var. 19/18	18,7%	14,4%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	94.218	416.055
	Var. 19/18	3,9%	6,3%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	24.949	118.980
	Var. 19/18	7,8%	8,4%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo rexístrase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. A cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 7,4% e o volume de noites un 4,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 -do 3,4%- mais da continuidade á tendencia positiva dos tres anos anteriores con crecementos consecutivos desde o 2015 ata 2017, de diversa intensidade. Esta dinámica coloca o nivel final de demanda hoteleira na cidade de A Coruña en máis de 119 mil noites no mes de xullo, a cifra máis elevada da serie histórica. Por cuarto ano consecutivo o volume de demanda supera as 110 mil noites neste sétimo mes do ano.

- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica cambia levemente pois o incremento deste mes de xullo rompe con dous anos consecutivos de caídas deixando o nivel final novamente por encima dos 50 mil viaxeiros.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.
- Neste sétimo mes do ano obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma relativamente suave, un 3,9% en particular, como consecuencia cun incremento parello da cifra de viaxeiros españois, do 4,4% neste caso. Son seis anos case consecutivos de crecemento do mercado nacional en A Coruña no mes de xullo –só se observa unha caída puntual en 2018-, circunstancia que coloca o nivel final deste ano en máis de 94 mil noites –a terceira cifra máis elevada da serie histórica-.
- O mercado internacional presenta igualmente un comportamento positivo superando nun 18,7% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 7,8% o volume de noites do pasado ano. Con case 25 mil noites o mercado internacional marca un máximo histórico de demanda en A Coruña no mes de xullo.
- A estadia media hoteleira descende neste mes, un 2,5% en particular, situándose preto de 2,4 noites. Rómpeuse desta maneira con dous anos consecutivos de crecemento. É a cifra máis elevada do ano na cidade e tamén, xunto con Vigo, a máis elevada dos destinos urbanos de Galicia neste mes de xullo.
- Incrementábase a demanda nun contexto de leve crecemento da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 1,9%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación - sobe en máis dun punto porcentual para situarse no 71,6% de media para este mes de xullo –a segunda cifra máis elevada da serie histórica correspondente a este sétimo mes-.
- As tarifas hoteleiras incrementábase neste sétimo mes do ano –un 6,8% en particular- situándose en 72,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de crecemento dos prezos. Tal circunstancia provoca que melloren sensiblemente os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 16,6% situándose en 60,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Mes de xullo 2012-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de A Coruña. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 4,5% e o volume de noites un 6,8% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta esta suba coa caída rexistrada no pasado ano 2018 –do 3,3%- mais da continuidade á tendencia positiva dos cinco anos anteriores –nos primeiros sete meses de 2014 a 2017-. Con isto o nivel de demanda da cidade de A Coruña ascende a 535 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-. Por terceiro ano consecutivo o volume de noites hoteleira da cidade de A Coruña sitúase por encima do medio millón neste sétimo mes.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante acadando neste caso máis de 255 mil neste período.
- O bo comportamento da demanda neste período vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nos sete meses considerados, con subas do 10% en xaneiro, do 4% en febreiro, do 0,5% en marzo –certa estabilidade-, do 7,3% en abril, do 18,6% en maio, do 3,6% en xuño e do 4,7% agora en xullo.
- O 78% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 22% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 6,3% como consecuencia da combinación de dous factores: leve incremento da cifra de viaxeiros españois, do 2,1%, nun contexto de mellora da estadia media.
- O mercado internacional amosa tamén unha dinámica positiva superando nun 14,4% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 8,4% o volume de noites do mesmo período do pasado ano. Isto permite rexistrar un máximo histórico de demanda internacional neste período de sete meses con 119 mil noites.
- A estadia media hoteleira increméntase por segundo ano consecutivo –un 2,1% no acumulado a xullo-, situándose en 2,1 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento paralelo aínda que de menor intensidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas sobe un 2,9%-, circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación –sobe en 1,6 puntos porcentuais– para deixalo no 49,2%. É a porcentaxe máis elevada da serie histórica.
- As tarifas hoteleiras increméntanse levemente neste período de sete meses –un 3,1% en particular- situándose en 60,3 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de suba dos prezos provoca que neste período de sete meses melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 9,1% para situarse en 37,7 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de A Coruña. Acum. Xullo 2012-19



CONCELLO DE FERROL

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ferrol

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO	Nº	8.143	31.086
	Var. 19/18	13,9%	2,0%
PERNOCTACIÓN	Nº	18.409	61.785
	Var. 19/18	18,5%	-3,5%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,26	1,99
	Var. 19/18	4,0%	-5,3%
OCUPACIÓN (%)	%	65,0%	34,94%
	Var. 19/18	7,77	-1,01

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO NACIONAL	Nº	7.010	24.996
	Var. 19/18	13,9%	0,3%
VIAXEIRO ESTRANXERO	Nº	1.133	6.090
	Var. 19/18	13,9%	9,5%
PERNOCT. NACIONAL	Nº	14.622	45.822
	Var. 19/18	10,4%	-5,4%
PERNOCT. ESTRANXERO	Nº	3.787	15.962
	Var. 19/18	65,7%	2,4%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase un comportamento positivo de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, increméntase a cifra de viaxeiros aloxados un 13,9% e o volume de noites un 18,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada en xullo de 2018 mais da continuidade á serie de crecementos dos dous anos anteriores. Son, por tanto, tres anos case consecutivos de mellora dos niveis de demanda hoteleira en Ferrol neste primeiro mes do verán, circunstancia que coloca a cifra final deste ano en máis de 18 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-.
- O 79% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 21% restante é de orixe internacional.


- Neste primeiro mes do verán obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 10,4% como consecuencia do crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 13,9%, nun contexto de leve descenso da estadía media. Con preto de 15 mil noites o turismo nacional acada neste mes a cifra máis elevada dos últimos cinco anos.
- O mercado internacional amosa igualmente un comportamento positivo superando nun 13,9% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 65,7% o volume de noites de xullo de 2018.
- A estadía media hoteleira sobe por segundo ano consecutivo –un 4,0% neste mes-, para situarse preto de 2,3 noites –a cifra máis elevada dos últimos tres anos e equivalente á rexistrada en xullo de 2016-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas mantense exactamente nos niveis do pasado ano-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en case oito puntos porcentuais para situarse no 65,0% de media para este mes de xullo-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Mes de xullo 2015-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano obsérvase unha caída dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ferrol. En concreto, o volume de noites descende un 3,5% como consecuencia dun empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 2,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cae a demanda logo de rexistrar un incremento no pasado ano 2018 que á súa vez contraponse aos descensos de anos anteriores. Obsérvase, por tanto, un comportamento negativo xeneralizado da demanda neste período de sete meses na cidade de Ferrol –só puntualmente amortiguada polo incremento rexistrado en 2018-, circunstancia que coloca o nivel deste 2019 en preto de 62 mil noites –a segunda máis baixa dos últimos cinco anos-.
- No curto prazo obsérvase un comportamento negativo da demanda nos primeiros cinco meses do ano, con caídas de diversa intensidade que superan o 20% interanual en marzo e maio, e un incremento puntual en xuño e agora en xullo que en todo caso resultan insuficientes para contrarrestar a caída anterior.
- O 74% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- Nos primeiros sete meses deste ano obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 5,4% como consecuencia esencialmente dun empeoramento da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable nos niveis do pasado ano.
- O mercado internacional amosa en cambio un comportamento positivo cun incremento do 2,4% como consecuencia neste caso dun crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 8,5%. Esta dinámica coloca o nivel final en preto de 16 mil noites.
- A estadía media hoteleira descende neste período –un 5,3% en particular- situándose en dúas noites –a segunda cifra máis baixa dos últimos anos-.
- O descenso da demanda prodúcese nun contexto de certa caída da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 1,8% neste caso-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación dun punto porcentual –para situala no 34,9% de media neste período de sete meses-.

Noites hoteleiras no concello de Ferrol. Acum. Xullo 2015-19

CONCELLO DE LUGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Lugo

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO	Nº	15.737	83.417
	Var. 19/18	9,0%	1,5%
PERNOCTACIÓN	Nº	28.593	161.173
	Var. 19/18	10,5%	3,1%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,82	1,93
	Var. 19/18	1,4%	1,6%
OCUPACIÓN (%)	%	54,25%	46,96%
	Var. 19/18	3,32	1,03
ADR (€)	%	51,9 €	47,8 €
	Var. 19/18	2,5%	7,6%
RevPAR (€)	%	31,1 €	25,5%
	Var. 19/18	-0,8%	10,7%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO NACIONAL	Nº	13.218	70.142
	Var. 19/18	9,0%	-1,9%
VIAXEIRO ESTRANXERO	Nº	2.519	13.275
	Var. 19/18	8,8%	24,9%
PERNOCT. NACIONAL	Nº	24.266	135.299
	Var. 19/18	7,9%	-3,0%
PERNOCT. ESTRANXERO	Nº	4.327	25.874
	Var. 19/18	27,5%	53,1%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados increméntase nun 9,0% e o volume de noites nun 10,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano –do 12,4%– mais da continuidade á tendencia positiva de anos anteriores, concretamente de 2015 a 2017, con subas de diversa intensidade. Esta tendencia coloca o nivel deste ano, no mes de xullo, en preto de 29 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década–.

- O 85% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 15% restante é de orixe internacional.
- Neste sétimo mes do ano obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 7,9% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 9,0%, nun contexto de estabilidade da estadía media.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo, superando nun 27,5% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 8,8%, e mellora da estadía media.
- A estadía media global increméntase neste mes –un 1,4% en particular- situándose en algo máis de 1,8 noites –a cifra máis elevada da década-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,5%- . Tal circunstancia leva, por tanto, a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en algo máis de tres puntos porcentuais para situarse no 54,25% de media para este mes de xullo, a segunda cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste mes –un 2,5% en particular-, para situarse en 51,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O niveis de rendibilidade, en cambio, mantéñense estables. O RevPAR hoteleiro axústase neste mes cunha leve caída pouco perceptible, situándose en 31,1 euros por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de Lugo. Mes de xullo 2012-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Lugo. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 1,5% e o volume de noites un 3,1% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o cuarto ano case consecutivo no que se observa un incremento da demanda hoteleira en Lugo no conxunto dos primeiros sete meses do ano, tendencia só amortiguada puntualmente pola caída rexistrada xustamente no pasado ano, do 1,3%. Con esta dinámica os establecementos hoteleiros de Lugo rexistra neste período de sete meses algo máis de 161 mil noites –o dato máis elevada da década e probablemente da serie histórica-.
- O bo comportamento da demanda oculta unha dinámica irregular no curto prazo. Neste sentido o volume de noites sobe e mellora en febreiro –un 4%-, abril –preto do 1%-, en xuño –un 18%- e agora en xullo –un 10,5%-, mais descende en xaneiro –preto do 1%-, en marzo –un 11%- e en maio –tamén preto do 1%-.
- O 84% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 16% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional cae un 3,0% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 1,9% neste caso.
- O mercado internacional amosa, en cambio, un incremento moi notable, superando nun 53% os niveis do pasado ano como consecuencia da combinación de dous factores: notable crecemento da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 25%, e mellora da estadia media, do 23%.
- A estadia media hoteleira global increméntase neste período en relación ao pasado ano –un 1,6%- quedando levemente por encima de 1,9 noites.
- Sobe o nivel de demanda nun contexto de certo incremento da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas increméntase un 1,1%-, circunstancia que leva a certa mellora do nivel de ocupación –sobe nun punto porcentual para situarse no 47,0% de media para este período de sete meses –a cifra máis elevada da década-.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de sete meses –un 7,6% en particular-, situándose en 47,8 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Tal circunstancia, engadida ao incremento dos niveis de demanda e ocupación, provoca en esencia que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira –un 10,7% en particular-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sitúase en 25,5 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Lugo. Acum. Xullo 2012-19



CONCELLO DE OURENSE

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Ourense

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS	Nº	13.578	81.863
	Var. 19/18	30,3%	13,8%
PERNOCTACIÓNS	Nº	22.269	130.866
	Var. 19/18	17,7%	12,2%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,64	1,60
	Var. 19/18	-9,7%	-1,4%
OCUPACIÓN (%)	%	54,39%	48,06%
	Var. 19/18	5,89	5,01
ADR (€)	%	54,9 €	54,2 €
	Var. 19/18	-3,7%	-5,6%
RevPAR (€)	%	33,2 €	30,3 €
	Var. 19/18	8,6%	7,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	11.621	70.065
	Var. 19/18	49,7%	14,1%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	1.957	11.798
	Var. 19/18	-26,3%	12,5%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	19.038	111.927
	Var. 19/18	37,5%	14,5%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	3.231	18.939
	Var. 19/18	-36,4%	0,3%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe de forma notable, un 30,3%, e o volume de noites un 17,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Incrementáanse a demanda neste mes de xullo logo de rexistrar caídas consecutivas nos dous anos anteriores, do 4,6% en xullo de 2017 e do 4,4% en xullo de 2018. Esta notable suba coloca o nivel final en máis de 22 mil noites –a cifra máis elevada da década–.

- O 85,5% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14,5% restante é de orixe internacional.
- Neste primeiro mes do verán obsérvase un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado, con variacións ademais de notable intensidade. O turismo nacional sobe un 37,5% como consecuencia dun incremento parello da cifra de viaxeiros españois, do 49,7% neste caso. Rómpeuse desta maneira a serie de caídas rexistradas nos dous anos anteriores e sitúa o volume fina de demanda nacional en 19 mil noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso global do 36,4% auspiciado por unha caída importante da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 26,3%-.
- A estadia media hoteleira descende neste mes –un 9,7% en particular-, situándose en pouco máis de 1,6 noites –cifra obviamente inferior á do pasado ano mais sitúase na liña dos valores rexistrados no mesmo mes do período 2015-17-.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento da oferta dispoñible, de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 4,7%-, circunstancia que implica unha mellora do nivel de ocupación –sobe en case seis puntos porcentuais- para situalo no 54,4% neste sétimo mes do ano.
- As tarifas hoteleiras descenden neste mes de xullo –un 3,7% en particular- situándose en 54,9 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A pesar do descenso dos prezos a mellora do nivel de demanda e ocupación leva neste mes a un incremento dos niveis de rendibilidade. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 8,6% situándose en 33,2 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.


Noites hoteleiras no concello de Ourense. Mes de xullo 2012-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un incremento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Ourense. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 13,8% e o volume de noites un 12,2% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- É o segundo ano consecutivo, e cuarto nos últimos cinco, no que se observa unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Ourense no acumulado a xullo –no pasado ano 2018 a suba fora do 1,4%-, situando o nivel deste 2019 preto das 131 mil noites –a cifra máis elevada da década pois nunca antes a cidade conseguira superar a barreira das 130 mil noites nos primeiros sete meses-. Son máis de 14 mil novas pernoctacións en comparación co pasado 2018.
- Este comportamento positivo vén como consecuencia de acumular seis meses consecutivos de crecemento da demanda en Ourense, con subas do 19% en febreiro, do 11% en marzo, do 25% en abril, do 13% en maio, do 1% en xuño e do 17,7% agora en xullo. Só en xaneiro obsérvase unha caída moi suave neste caso, do 1,7% no volume de noites.
- O 86% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 14% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento algo diferente dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 14,5% como consecuencia esencialmente dun crecemento da cifra de viaxeiros españois, do 14,1% neste caso.
- O mercado internacional, en cambio, mantense estable –no relativo ao número de noites- como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros estranxeiros –do 12,5%- e empeoramento da estadía media.
- A estadía media hoteleira descende levemente neste período –un 1,4%- situándose en 1,6 noites. En sentido estrito a estadía media en Ourense apenas variou nos últimos catro anos, manténdose sempre no contorno de 1,6 noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta dispoñible –en sentido estrito o volume de prazas ofertadas sobe un 0,2%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –de cinco puntos porcentuais- para situalo no 48,1% neste período de sete meses.
- As tarifas hoteleiras descenden no acumulado a xullo –un 5,6% en particular- situándose en 54,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O incremento dos niveis de demanda e ocupación leva a que neste período de sete meses melloren os niveis de rendibilidade hoteleira –a pesar da caída dos prezos-. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 7,8% para situarse en 30,3 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Ourense. Acum. Xullo 2012-19



CONCELLO DE PONTEVEDRA

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Pontevedra

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS	Nº	14.216	65.408
	Var. 19/18	-2,7%	-4,4%
PERNOCTACIÓNS	Nº	28.774	140.509
	Var. 19/18	4,5%	10,1%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,02	2,15
	Var. 19/18	7,4%	15,2%
OCUPACIÓN (%)	%	69,82%	50,27%
	Var. 19/18	-5,19	1,26

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	9.510	40.949
	Var. 19/18	-9,2%	-3,9%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	4.706	24.459
	Var. 19/18	13,8%	-5,2%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	21.989	95.797
	Var. 19/18	1,5%	9,3%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	6.785	44.712
	Var. 19/18	15,3%	12,0%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, increméntase o volume de noites un 4,54% como consecuencia basicamente dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 2,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída rexistrada no pasado ano –moi leve, de apenas o 0,4%- mais da continuidade á tendencia positiva dos dous anos anteriores. Son, por tanto, tres anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Pontevedra que sitúan o nivel final deste mes de xullo en preto de 29 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- O 76% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 24% restante é de orixe internacional.


- Neste primeiro mes do verán obsérvase un comportamento positivo e homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 1,5% como consecuencia da notable mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros españois aloxados nos hoteis e pensións da cidade descende nun 9,2%.
- O mercado internacional amosa igualmente un comportamento positivo superando nun 13,8% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 15,3% o volume de noites do pasado ano. Son catro anos de crecemento consecutivo do turismo internacional en Pontevedra neste mes de xullo, circunstancia que eleva a cifra deste ano a preto de sete mil noites.
- A estadia media hoteleira global incrementase neste mes –un 7,4% en particular- situándose en pouco máis de dúas noites.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, de maior intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 12,9%-, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación -descende en pouco máis de cinco puntos porcentuais para situarse no 69,8% de media para este mes de xullo-. É a segunda porcentaxe máis elevada dos destinos urbanos de Galicia, só superada levemente polo nivel acadado en A Coruña.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Mes de xullo 2015-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Pontevedra. En concreto, o volume de noites increméntase nun 10,1% en relación ao mesmo período do pasado ano como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende un 4,4%.
- Son catro anos consecutivos de crecemento da demanda –medida en número de noites- no conxunto dos primeiros sete meses do ano, circunstancia que eleva a cifra de 2019 a máis de 140 mil noites –o dato máis elevado de cando menos os últimos cinco anos-. No acumulado a xullo de 2015 o nivel situábase preto de 82 mil noites.
- No curto prazo obsérvase un comportamento positivo xeneralizado, con incrementos da demanda en practicamente todos os meses do ano –coa excepción de xaneiro, mes no que o volume de noites se mantén estable en termos interanuais-. O crecemento de maior intensidade prodúcese en abril, cunha suba do 24%.
- En termos absolutos o crecemento deste ano, ata o mes de xullo, supón a xeración de case 13 mil novas pernoctacións en relación ao mesmo período de 2018.
- O 68% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 32% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado, con subas parellas e de similar intensidade. O turismo nacional increméntase nun 9,3% como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois descende nun 3,9%-.
- Similar comportamento se observa no caso do mercado internacional –supera nun 12,0% o nivel dos primeiros sete meses de 2018- e ademais vén motivado por unha importante mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 5,2%-. Con isto o volume final de turismo internacional en Pontevedra achégase ás 45 mil noites –a cifra máis elevada de cando menos os últimos cinco anos-.
- A estadía media hoteleira increméntase neste período de sete meses –un 15,2% en particular- para situarse en 2,15 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos-. Supera en tres décimas o valor do pasado ano cando ficaba próximo a 1,9 noites. É a segunda cifra máis alta dos destinos urbanos da comunidade.
- O incremento da demanda prodúcese nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe un 7,7%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación -sobe en algo máis dun punto porcentual para situarse no 50,3% de media para este período de sete meses-.

Noites hoteleiras no concello de Pontevedra. Acum. Xullo 2015-19

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Compostela

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS	Nº	86.332	423.992
	Var. 19/18	0,8%	7,0%
PERNOCTACIÓNS	Nº	159.954	784.327
	Var. 19/18	0,4%	9,0%
ESTADIA MEDIA	Nº	1,85	1,85
	Var. 19/18	-0,4%	1,9%
OCUPACIÓN (%)	%	64,13%	50,07%
	Var. 19/18	0,18	3,71
ADR (€)	%	75,6 €	68,4 €
	Var. 19/18	4,7%	3,3%
RevPAR (€)	%	51,4 €	38,9 €
	Var. 19/18	4,8%	12,7%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIROS NACIONAIS	Nº	48.802	227.458
	Var. 19/18	1,8%	8,3%
VIAXEIROS ESTRANXEIROS	Nº	37.530	196.534
	Var. 19/18	-0,6%	5,6%
PERNOCT. NACIONAIS	Nº	91.657	438.965
	Var. 19/18	-0,1%	10,8%
PERNOCT. ESTRANXEIROS	Nº	68.297	345.362
	Var. 19/18	1,1%	6,8%


XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase certa estabilidade dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, o volume de noites increméntase nun 0,4% grazas á suba tamén leve da cifra de viaxeiros aloxados, do 0,8% neste caso. Son incrementos pouco perceptibles que falan máis ben de estabilidade da demanda en comparación coas cifras do pasado ano.
- Contrasta este resultado coa caída rexistrada nos últimos dous anos, tamén suaves -do 1,5% en xullo de 2017 e do 0,9% en 2018-. As variacións son, por tanto, pouco significativas co que a grandes trazos conclúese que o nivel de demanda hoteleira da cidade de Santiago

correspondente ao mes de xullo apenas variou nos últimos catro anos, situándose sempre no contorno das 160 mil noites.


- O 57% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 43% restante é de orixe internacional. Estas porcentaxes difiren das rexistradas en maio e xuño cando o mercado internacional representaba máis da metade do total da demanda hoteleira.
- Neste primeiro mes do verán obsérvase un comportamento algo diferente dos dous grandes segmentos de mercado, con variacións en todo caso pouco significativas. O turismo nacional estabilízase e mantense nos niveis do pasado ano aínda que o volume de viaxeiros españois subiu un 1,8%.
- O mercado internacional presenta en cambio un comportamento positivo superando nun 1,1% o volume de noites de xullo de 2018 grazas á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros descende neste caso un 0,6%. Ambas variacións son pouco significativas.
- A estadía media hoteleira mantense relativamente estable neste mes de xullo logo de acumular tres anos consecutivos de crecemento. Sitúase en 1,85 noites.
- Estabilízase a demanda nun contexto no que a oferta dispoñible tamén se mantén en niveis do pasado ano, co cal o nivel de ocupación non varía e mantense no 64,1% neste primeiro mes do verán. É a segunda cifra máis elevada da serie histórica do mes de xullo.
- As tarifas hoteleiras soben neste mes –un 4,7% en particular- situándose en 75,6 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- Este incremento provoca que melloren paralelamente os niveis de rendibilidade hoteleira en Santiago. Neste sentido o RevPAR hoteleiro increméntase nun 4,8% situándose en 51,4 euros de ingreso medio por habitación dispoñible. Os establecementos hoteleiros de Santiago conseguen, por tanto, manter os niveis de demanda do pasado ano nun contexto de suba dos prezos, mellorando en consecuencia os niveis de rendibilidade.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Mes de xullo 2012-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Santiago de Compostela. En concreto, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 7,0% e o volume de noites un 9,0% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Contrasta este incremento coa caída experimentada no pasado ano –do 3,2%- mais da continuidade á tendencia positiva observada nos cinco anteriores. Son, por tanto, seis anos case consecutivos de crecemento da demanda hoteleira en Compostela neste período de sete meses, circunstancia que coloca os niveis deste ano levemente por encima das 784 mil noites –dato que supón un máximo histórico na cidade pois nunca antes Santiago conseguira superar a barreira das 780 mil noites no acumulado ao mes de xullo-.
- Son preto de 65 mil novas pernотacións en comparación co rexistrado nos primeiros sete meses de 2018.
- O 56% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 44% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo e positivo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 10,8% como consecuencia esencialmente dun incremento da cifra de viaxeiros españois, do 8,3% neste caso, auspiciado por certa mellora da estadía media. Desta maneira o mercado nacional rexistra 439 mil noites, a cifra máis elevada da década.
- O mercado internacional amosa tamén un comportamento positivo superando nun 5,6% a cifra de viaxeiros estranxeiros e nun 6,8% o volume de noites dos primeiros sete meses de 2018. Con isto o turismo estranxeiro rexistra pouco máis de 345 mil noites neste período, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 1,9% neste 2019-, situándose en 1,85 noites –a cifra máis elevada dos últimos cinco anos aínda que próxima á rexistrada en 2014-.
- Increméntase a demanda nun contexto de relativa estabilidade da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas subiu un 1,0%- circunstancia que permite mellorar o nivel de ocupación - sobe en preto de catro puntos porcentuais para situarse no 50,1% de media para este período, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste período de sete meses –un 3,3% en particular- situándose en 68,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación acontece, por tanto, nun contexto de certa mellora dos prezos. Tal circunstancia leva a que neste período melloren en paralelo os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 12,7% para situarse en 38,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Santiago de Compostela. Acum. Xullo 2012-19

CONCELLO DE VIGO

Táboa 1: Demanda Turística Hoteleira e Ocupación no concello de Vigo

		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO	Nº	43.123	226.133
	Var. 19/18	-3,4%	-0,6%
PERNOCTACIÓN	Nº	103.128	507.050
	Var. 19/18	10,3%	13,3%
ESTADIA MEDIA	Nº	2,39	2,24
	Var. 19/18	14,1%	13,9%
OCUPACIÓN (%)	%	69,38%	50,96%
	Var. 19/18	5,39	6,16
ADR (€)	%	67,0 €	57,4 €
	Var. 19/18	4,3%	2,0%
RevPAR (€)	%	52,9 €	34,9 €
	Var. 19/18	17,3%	9,8%

Táboa 2: Demanda Turística Hoteleira, segundo procedencia.


		Xullo 2019	Acum. Xullo 2019
VIAXEIRO NACIONAL	Nº	29.664	159.102
	Var. 19/18	1,4%	0,4%
VIAXEIRO ESTRANXERO	Nº	13.459	67.031
	Var. 19/18	-12,3%	-2,9%
PERNOCT. NACIONAL	Nº	74.276	369.436
	Var. 19/18	14,5%	17,4%
PERNOCT. ESTRANXERO	Nº	28.852	137.614
	Var. 19/18	0,6%	3,4%

XULLO 2019

- No pasado mes de xullo obsérvase un comportamento positivo da demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, increméntase o volume de noites nun 10,3% como consecuencia basicamente dunha mellora da estadia media nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados descende en relación ao pasado ano, un 3,4% en particular.
- Este incremento contrasta coa caída rexistrada no pasado ano 2018 –do 4,8%– mais da continuidade á serie de crecementos rexistrados nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017. Son, por tanto, cinco anos case consecutivos de mellora dos niveis de demanda na cidade de Vigo neste primeiro mes do verán, situando o nivel deste ano en pouco máis de 103 mil noites –dato que supón un máximo na serie histórica pois nunca antes os establecementos hoteleiros de Vigo conseguiran superar a barreira das 100 mil noites no mes de xullo–.

- Son preto de 10 mil novas pernactacións en comparación co dato de xullo do pasado ano.
- O 72,0% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 28,0% restante é de orixe internacional. Esta distribución difire das observada noutros meses do ano, esencialmente dos primeiros meses, cando o peso do mercado nacional roldaba o 80%.
- Neste primeiro mes do verán obsérvase un comportamento relativamente homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe de forma importante, un 14,5% en número de noites, como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois sobe pouco máis do 1%. Con máis de 74 mil noites o mercado nacional acadaba máximo histórico de demanda no mes de xullo.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo pero de menor intensidade. O volume de noites sobe un 0,6% -co cal se fala máis ben de certa estabilidade- como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros estranxeiros cae un 12,3% en relación ao pasado ano.
- A estadía media hoteleira increméntase por terceiro ano consecutivo –un 14,1% neste mes- para situarse en 2,4 noites –a cifra máis elevada da serie histórica e ao mesmo tempo a máis alta dos destinos urbanos da comunidade-.
- Increméntase a demanda nun contexto de crecemento parello da oferta dispoñible, pero de menor intensidade –o volume de prazas ofertadas sobe neste mes un 0,9%- . Tal circunstancia leva a unha mellora do nivel de ocupación, de máis de cinco puntos porcentuais, para situarse no 69,4% de media para este mes de xullo, a cifra máis elevada da serie histórica-.
- As tarifas hoteleiras increméntanse neste sétimo mes do ano –un 4,3% en particular-, situándose en 67,0 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de demanda e ocupación, acontecida ademais nun contexto de crecemento dos prezos hoteleiros, provoca que neste mes de xullo melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 17,3% situándose en 52,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Mes de xullo 2012-19



ACUM. XULLO 2019

- Nos primeiros sete meses deste ano 2019 obsérvase un crecemento dos niveis de demanda hoteleira na cidade de Vigo. En concreto, o volume de noites sobe un 13,3% como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados descende levemente, un 0,6% en particular.
- É o sexto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora dos niveis de demanda hoteleira en Vigo nos primeiros sete meses do ano, con variacións de diversa intensidade –máis intensas en 2016 e 2017-. Esta dinámica coloca a cifra deste 2019 en 507 mil noites, dato que supón un máximo histórico na cidade –nunca antes a cidade de Vigo conseguira superar a barreira do medio millón de noites neste período de sete meses-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é algo diferente pois neste caso son dous anos consecutivos de caídas leves, deixando a cifra final por encima dos 226 viaxeiros.
- O 73% da demanda corresponde ao turismo nacional –que engloba ao interno e ao que procede do resto das comunidades autónomas- mentres que o 27% restante é de orixe internacional.
- Neste período obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos de mercado. O turismo nacional sobe un 17,4% como consecuencia da mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros españois mantense estable nos niveis do pasado ano.
- O mercado internacional presenta tamén un comportamento positivo neste período, superando nun 3,4% o volume de noites de 2018 grazas tamén á mellora da estadía media nun contexto no que a cifra de viaxeiros estranxeiros descende un 2,9%.
- A estadía media hoteleira sobe de forma notable neste período de sete meses –un 13,9% en particular- para situarse por vez primeira na serie histórica do acumulado a xullo por encima de 2,2 noites de media.
- Incrementábase a demanda nun contexto de leve caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 0,6%- . Ambas circunstancias permiten mellorar o nivel de ocupación - sobe en pouco máis de seis puntos porcentuais para situarse no 51,0% de media para este período, dato que supón tamén un máximo histórico para a cidade-.
- As tarifas hoteleiras soben neste período de sete meses –un 2,0% en particular-, situándose en 57,4 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- A mellora dos niveis de ocupación acontecida ademais nun contexto de incremento dos prezos provoca que neste período melloren tamén os niveis de rendibilidade hoteleira. Neste sentido o RevPAR hoteleiro sobe un 9,8% situándose en 34,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.

Noites hoteleiras no concello de Vigo. Acum. Xullo 2012-19